

## ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A SOCIEDADE DEPORTIVA RUBIÁN PARA A ADQUISICIÓN DUN TRACTOR CORTACÉPEDE PARA O MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

### REUNIDOS

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Roberto Hernández Pérez, presidente da Sociedade Deportiva Rubián, en virtude das facultades representativas que lle atribúen os Estatutos de creación da Sociedade Deportiva Rubián inscrita no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que exercen, recoñécese capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

### EXPOÑEN

**Primeiro.** Con data 7 de xullo de 2025 asinouse un convenio entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Sociedade Deportiva Rubián para a adquisición dun tractor cortacésped para o mantemento das instalacións deportivas

**Segundo.** Aparece un erro xurídico no apartado primeiro da cláusula sétima "Efectividade dos pagamentos" que establece que a acreditación documental da efectividade dos pagamentos dos gasto correspondentes á actuación subvencionada realizarase no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria do aboamento da subvención. Esta condición non se axusta a dereito, concretamente contradí o establecido no apartado b) do artigo 48 do Decreto 11/2009 que aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia ao que se fai referencia na cláusula sexta que regula a xustificación e libramento de fondo. No dito artigos establece que coa conta xustificativa debe achegarse, entre outra, a documentación acreditativa do pagamento.

Posto que a conta xustificativa debe presentarse con anterioridade ao aboamento da subvención non é posible diferir a acreditación do pagamento a sesenta días naturais dende a data de ingreso do aboamento da subvención na conta bancaria, tal e como establece o apartado primeiro da cláusula sétima.

**Terceiro.** Co fin de estudar a modificación do convenio, con data 11 de xullo de 2025 reuniuse a Comisión Mixta, integrada por dous representantes da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e dous representantes da Sociedade



Deportiva Rubián . A dita comisión propuxo a formalización dunha addenda ao convenio de colaboración para a adquisición dun tractor cortacésped, pola que se modifica a cláusula sétima do convenio.

As partes reunidas ACORDAN a sinatura dunha addenda de modificación do convenio para a supresión da cláusula sétima.

## CLÁUSULAS

**Primeira.** Suprimir a cláusula sétima do convenio

### **Segunda. Publicidade da addenda**

1. As partes asinantes manifiestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan nesta addenda así como o resto das especificacións contidas nela, poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.
2. En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición desta addenda á Base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

### **Terceira. Protección de datos**

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

En proba da súa conformidade, asínase esta addenda na data da sinatura dixital.

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e  
Deportes

O presidente da Sociedade Deportiva  
Rubián

Diego Calvo Pouso

Roberto Hernández Pérez

